Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Guitiriz presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
GUITIRIZ	106	MANTEMENTO E MELLORA DO CAMIÑO DE ACCESO A XESTOSELO E REBORDELO DENDE LU-170 A PR-22-07 (BURIZ)	1531.76201	266,20 €
	107	REPARACIÓN E MELLORA DE CAMIÑOS EN ROCA, TRASPARGA, SAMBREIXO, PIGARA, PARGA E SAN SALVADOR	1531.76201	49,10 €
	108	REPARACIÓN E MELLORA DE CAMIÑOS EN LAGOSTELLE E BECÍN	1531.76201	243,44 €
	109	REPARACIÓN E MELLORA DE CAMIÑOS EN O BURIZ, OS VILLARES E LABRADA	1531.76201	276,65 €
	110	REPARACIÓN E MELLORA DE CAMIÑOS EN MARIZ E NEGRADAS	1531.76201	49,11 €
	111	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA O MANTEMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS (ROZADORA DE BRAZO E ROZADORA DE ARRASTRE)	9200.76201	1.675,85 €
	112	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA BRIGADA VERDE (MOTOSERRA, CORTASETOS E HIDROLIMPIADORA)	171176201	1.129,51 €

Por escrito de data 09/06/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
GUITIRIZ	REM	REPARACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE O BARREIRO-LAGOSTELLE	1531.76201	---	884,50€	884,50€
GUITIRIZ	REM	ADQUISICIÓN EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO PARA MANTEMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS (ROZADORAS E AMOLADORA)	9200.76201	---	1.675,85€	1.675,85€
GUITIRIZ	REM	ADQUISICIÓN EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO BRIGADA VERDE (SOLDADURA E CORTACESPEDE)	1711.76201	181,49€	1.129,51€	1.311,00€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adjudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Guitiriz, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Guitiriz e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
GUITIRIZ	REM	REPARACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE O BARREIRO-LAGOSTELLE	1531.76201	---	884,50€	884,50€
GUITIRIZ	REM	ADQUISICIÓN EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO PARA MANTENIMENTO DE ESTRADAS MUNICIPAIS (ROZADORAS E AMOLADORA)	9200.76201	---	1.675,85€	1.675,85€
GUITIRIZ	REM	ADQUISICIÓN EQUIPAMENTO COMPLEMENTARIO BRIGADA VERDE (SOLDADURA E CORTACESPEDE)	1711.76201	181,49€	1.129,51€	1.311,00€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira coa finalidade común de colaborar en acondicionamento de terreos “Campa do plantío” para usos múltiples do Concello de Meira, incluído honorarios.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins común de Acondicionamento de terreos “Campa do plantío” para usos múltiples do Concello de Meira, incluído honorarios, consta no mesmo:



Solicitud do Concello de Meria con número de expediente no GTM: 2021/PES_03/006720, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7EXXCZHF7ZKS774UM5GVZPIA.

Borrador de convenio con CSV: IV7ESCCTLPRMJLFWH7VIFYHOGE.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7ESPKPPARJRXBO5UVVAUQBOQ.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Acondicionamento de terreos “Campa do plantío” para usos múltiples do Concello de Meira, incluído honorarios, con un orzamento total de 360.000 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 288.000,00 euros, dos cales 96.000,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2021 e 96.000,00€ con cargo a anualidade de 2022 e 96.000,00€ con cargo á anualidade de 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no

orçamento da anualidade 2022 a cantidade de 96.000,00 euros e no orzamento da anualidade de 2023 o mesmo importe de 96.000,00€.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistenes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación, se procede, da excepcionalidade e outorgamento de subvención directa de carácter excepcional á entidade Federación Rural Galega (FRUGA), para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade denominada “Programa formativo e de asesoramento para a recuperación e desenvolvemento da vitivinicultura no territorio da futura IXP Terras do Navia”, no ano 2021.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don Xurxo Álvarez Pérez, con DNI nº: ***6307**, en nome e representación da entidade Federación Rural Galega (FRUGA), con NIF: G70237904, presentou no Rexistro telemático da Deputación de Lugo, o 2 de xuño de 2021, escrito mediante o cal solicita a concesión dunha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000 €, para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Programa formativo e de asesoramento para a recuperación e desenvolvemento da vitivinicultura no territorio da futura IXP Terras do Navia”, durante a anualidade 2021, engadindo documentación complementaria o día 7 do mesmo mes.

En relación co expediente de tramitación do procedemento correspondente á dita solicitude, tendo en conta a documentación que obra naquel e, ademais, o disposto:

Na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións;

No Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento;

Na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021);

Na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local;



No Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais;

Nas Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión;

No Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020);

E nas restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, nas normas de dereito privado;

Queda acreditado que a concesión directa da subvención ampárase na normativa vixente que habilita para utilizar este procedemento; constandingo no mesmo a seguinte documentación:

Convenio que instrumenta a concesión da dita subvención.

Acreditación de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e que, así mesmo, non se atopa en ningunha das demais circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, que levan aparelada a prohibición de obter a condición de beneficiario de subvencións.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención. Este informe contempla, ademais, a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, económico e social que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

Informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento relativo á tramitación da amentada subvención.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Unidade de Intervención e cuxo resultado é de conformidade.

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2021, o órgano competente para o outorgamento da subvención é a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores a 15.000 €; entendéndose aprobada a autorización e disposición do gasto polo acordo de concesión.

Por todo o anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- A aprobación da excepcionalidade e do outorgamento da subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000 €, a favor da entidade Federación Rural Galega (FRUGA), para sufragar os gastos derivados da execución da actividade denominada “Programa formativo e de asesoramento para a recuperación e desenvolvemento da vitivinicultura no territorio da futura IXP Terras do Navia” na anualidade 2021; subvención incluída na letra c) da liña 13.1 - Agricultura, gandería e pesca, do vixente anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2021, aprobado por Acordo da Xunta de Goberno do 5 de marzo de 2021.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2021, a favor da mesma entidade e coa mesma finalidade descritas no parágrafo anterior.

3º.- Aprobación do texto do convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA, PARA A ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“Visto que no expediente de referencia figura a seguinte documentación:

Certificado do acordo da Xunta de Goberno de data 14 de maio de 2021 relativo á aprobación do programa Coñece a túa Provincia.

Informe do Servizo de Turismo relativo á necesidade de aprobar as bases do programa e proceder á súa convocatoria.

Informe xustificativo complementario relativo á gratuidade do programa.

Bases reguladoras do programa Coñece a túa Provincia para a anualidade 2021.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral.

Informe de Intervención (Contabilidade e Contas).

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a exención do prezo público por actividades de promoción turística organizadas pola Deputación Provincial no marco do programa Coñece a túa Provincia (de acordo co disposto no artigo 8º da Ordenanza reguladora do prezo público para actividades de promoción turística da Deputación de Lugo, aprobada por acordo plenario de data 25.05.2010).

2º.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia para a anualidade 2021.

3º.- Ordear a publicación das bases e da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia para anualidade 2021 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA FORMULADA POLA ENTIDADE COLABORADORA (ACRUGA), O 11 DE XUÑO DE 2021, E AUTORIZACIÓN A ESTA PARA O PAGO AOS BENEFICIARIOS DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON

COMPETITIVA, DENTRO DA ACCIÓN DE FOMENTO DE DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN DA INTEGRIDADE DA RAZA BOVINA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS LUCENSES; EIXO 2: PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2020".

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo resolveu, o 24 de maio de 2019, entre outros:

(...).

4. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións, en concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, dotado con 200.000,00€/anuais (800.000,00 para o período 2019-2022).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 200.000,00€,

Ano 2020: 200.000,00€,

Ano 2021: 200.000,00€,

Ano 2022: 200.000,00€.

5. Aprobar o gasto plurianual de 800.000,00€, para a liña de subvención de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, que se desglosa en 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios por importe de 200.000,00€ por anualidade, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.



6. Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA), titulado “Convenio de entidade colaboradora entre a Deputación Provincial de Lugo e á Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA) para execución da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses”, Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, a fin de que ACRUGA adopte a condición de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios desta acción do Eixe 2.

(...).

En cumprimento do establecido nas Bases 9 e 10 das reguladoras das subvencións, amentadas no apartado anterior, a entidade colaboradora (ACRUGA) instruíu e tramitou os expedientes, revisando o seu persoal técnico (actuando colexiadamente) as solicitudes presentadas, verificando que contiñan a documentación esixida na base 8 e emitindo un informe no que consta que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumprían tódolos requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Vista a documentación integrante do expediente e o dito informe técnico do órgano colexiado, a Xunta Directiva de ACRUGA formulou, o 3 de marzo de 2021, proposta de resolución, co carácter de definitiva, que foi notificada aos interesados por medio da publicación na páxina web de aquela (www.acruga.com).

Con todo, erros materiais na dita proposta de resolución, detectados con posterioridade, deron lugar a que, en cumprimento do establecido na base 12, a Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA) modificase a amentada proposta de resolución o 6 de maio de 2021.

Xustificados polos beneficiarios: a realización das actividades e o cumprimento das finalidades que determinaron a concesión das subvencións, isto é, a inscrición das femias reprodutoras da raza bovina Rubia Galega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza animal, a través da achega da documentación esixida na base 14.1; a entidade colaboradora (ACRUGA), previa revisión da mesma, emitiu certificación na que se relacionan tódolos

beneficiarios que teñen dereito á axuda, que foi remitida á Deputación Provincial o 10 de marzo de 2021, acompañada da amentada documentación xustificativa, dentro do termo establecido na dita base 14.1, engadindo documentación complementaria o día 12 do mesmo mes.

Revisada pola Unidade de Medio Rural a documentación referida no parágrafo anterior, resultou que aquela se atopaba incompleta e con defectos, polo que o 26 de marzo de 2021 requiriuse á entidade colaboradora (ACRUGA) para a achega da documentación necesaria e a emenda de defectos; requirimento que foi contestado por aquela o 21 de abril de 2021, engadindo documentación complementaria os días 22 e 30 do mesmo mes, e os días 10 e 13 de maio.

Detectados pola Unidade de Intervención incumprimentos, por parte de dous dos solicitantes propostos pola entidade colaboradora como beneficiarios das subvencións, dos requisitos establecidos na Base 3 das reguladoras das subvencións, a entidade colaboradora foi requirida novamente para a formulación dunha nova certificación de beneficiarios das subvencións e a modificación da proposta de resolución, adaptando as relacións de beneficiarios propostos e de solicitudes desestimadas ao feito descrito.

O dito requirimento foi atendido pola entidade colaboradora o día 15 de xuño de 2021, coa incorporación dos documentos ao correspondente expediente, a través da sede electrónica.

Con base nestes antecedentes e á vista da documentación achegada pola entidade colaboradora (ACRUGA), dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitiuse, o 15 de xuño de 2021, informe onde se estimou correcta a proposta de resolución formulada pola Xunta Directiva de ACRUGA o 3 de marzo de 2021, e modificada por erros materiais os días 6 de maio e 11 de xuño de 2021, así como a documentación achegada polos beneficiarios para a xustificación das subvencións, e cumpridos os fins para os cales se concederan estas, polo que se informou favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acordaran pola Xunta de Goberno:

Aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA) o 11 de xuño de 2021, que consta no expediente.



Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.

Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios que se relacionan na certificación emitida por aquela o 14 de xuño de 2021, que tamén consta no expediente.”

Vista a documentación achegada, así como o mencionado informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, a Intervención da Deputación Provincial de Lugo fiscalizou de conformidade o expediente, o 16 de xuño de 2021.

Por todo canto vai exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA) o 11 de xuño de 2021, que consta no expediente.

2º.- Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.

3º.- Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios e polos importes que se relacionan na certificación emitida por aquela o 14 de xuño de 2021, que tamén se axunta a esta proposta.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE SUBROGACIÓN NA CONDICIÓN DE BENEFICIARIOS DAS SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA

GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, OUTORGADAS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE NOVEMBRO DE 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Tramitado o procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Gallega nas explotacións lucenses. Eixo 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Gallega nas explotacións da provincia de Lugo, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, en sesión ordinaria celebrada o 27 de novembro de 2020, entre outros:

1º.- Aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA), o 28 de agosto de 2020, que se axunta a esta proposta.

2º.- Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.

3º.- Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios que se relacionan na certificación emitida por aquela o 16 de setembro de 2020, que tamén se axunta a esta proposta.”

Do Acordo citado no apartado anterior derivou a atribución da condición de beneficiarios de subvencións e outorgamento de axudas, entre outros a: D. José Francisco Lago Álvarez, con DNI nº: ***2644**, por importe de 761,90 €; e D. Jesús González Fernández, con DNI nº: ***2732**, por importe de 761,90 €.

A finalidade de ditas axudas é a de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Gallega nas explotacións lucenses; sendo subvencionable a inscrición de femias reprodutoras desa raza no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico de aquela, xestionado por ACRUGA, co compromiso do titular da explotación de manter a reprodutora un mínimo de 24 meses na explotación dende a data da inscrición.



O 21 de abril de 2021, a entidade colaboradora ACRUGA iniciou expediente na sede electrónica desta entidade (2021/PES_03/006787), no que se integraron dúas comunicacións de cambio de titularidade das explotacións propiedade dos beneficiarios citados nos parágrafos anteriores, e as correspondentes solicitudes de D.^a María Luz Penin Rouco, con DNI n.º: ***7524**, e de D.^a María de los Ángeles Cabado Pena, con DNI n.º: ***2732**, para a subrogación na condición de beneficiarias das subvencións outorgadas a D. José Francisco Lago Álvarez e a D. Jesús González Fernández, respectivamente.

Con base nestes antecedentes e na documentación que integra o expediente, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe, o 7 de maio de 2020, do seguinte teor:

“Antecedentes

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 24 de maio de 2019, entre outros:

(...).

4. Aprobar as bases da convocatoria de subvencións, en concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, dotado con 200.000,00€/anuais (800.000,00 para o período 2019-2022).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 200.000,00€,

Ano 2020: 200.000,00€,

Ano 2021: 200.000,00€,

Ano 2022: 200.000,00€.

5. Aprobar o gasto plurianual de 800.000,00€, para a liña de subvención de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, que se desglosa en 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano

2019; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios por importe de 200.000,00€ por anualidade, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

6. Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA), titulado “Convenio de entidade colaboradora entre a Deputación Provincial de Lugo e á Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA) para execución da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses”, Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, a fin de que ACRUGA adopte a condición de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios desta acción do eixe 2.

(...).

Segundo.- Tramitado o procedemento de concesión de ditas subvencións, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, en sesión ordinaria celebrada o 27 de novembro de 2020, entre outros:

“1º.- Aprobar a proposta de resolución definitiva formulada pola Xunta Directiva da entidade colaboradora (ACRUGA), o 28 de agosto de 2020, que se axunta a esta proposta.

2º.- Ditar resolución de concesión das subvencións, de conformidade coa proposta de resolución citada no apartado anterior.

3º.- Autorizar á entidade colaboradora (ACRUGA) para o pago das subvencións aos beneficiarios que se relacionan na certificación emitida por aquela o 16 de setembro de 2020, que tamén se axunta a esta proposta.”

Terceiro.- Do Acordo citado no apartado anterior derivou a atribución da condición de beneficiarios de subvencións e outorgamento de axudas, entre outros a: D. José Francisco Lago Álvarez, con DNI nº: ***2644**, por importe de 761,90 €; e D. Jesús González Fernández, con DNI nº: ***2732**, por importe de 761,90 €.



A finalidade de ditas axudas é a de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Gallega nas explotacións lucenses; sendo subvencionable a inscrición de femias reprodutoras desa raza no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico de aquela, xestionado por ACRUGA, co compromiso do titular da explotación de manter a reprodutora un mínimo de 24 meses na explotación dende a data da inscrición.

Cuarto.- O 21 de abril de 2021, a entidade colaboradora ACRUGA iniciou expediente na sede electrónica desta entidade (2021/PES_03/006787), no que se integraron dúas comunicacións de cambio de titularidade das explotacións propiedade dos beneficiarios citados nos parágrafos anteriores, e as correspondentes solicitudes de D.^a María Luz Penin Rouco, con DNI nº: ***7524**, e de D.^a María de los Ángeles Cabado Pena, con DNI nº: ***2732**, para a subrogación na condición de beneficiarias das subvencións outorgadas a D. José Francisco Lago Álvarez e a D. Jesús González Fernández, respectivamente.

A estas solicitudes sonlles de aplicación as seguintes

Consideracións legais e técnicas

Consonte ao artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP):

O órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que fora a forma da súa iniciación, poderá dispoñer, de oficio ou a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento.

Pola súa banda, dispón o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP), que:

1. As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento plena á Constitución, á Lei e ao Dereito.

Deberán respectar na súa actuación e relacións os seguintes principios:

(...).

b) Simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns.

(...).

d) Racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión.

(...).

i) Economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais.

j) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Tendo en conta a conexión entre as solicitudes mencionadas nos antecedentes deste informe, e a normativa recentemente exposta, estimo axeitada e recomendable a tramitación das dúas solicitudes nun mesmo procedemento, sendo obxecto as mesmas deste informe.

Consonte ao artigo 31.4.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS):

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:

a) As bases reguladoras fixarán o período durante o cal o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens.

Sendo as femias reprodutoras unha clase de bens, en concreto, bens semovientes, que son inventariables, en aplicación desta norma, as Bases 4 e 7 das reguladoras das subvencións citadas no encabezamento, establecen, entre outros, o compromiso e a obriga dos beneficiarios das subvencións de manter os animais polos que se concede a axuda, na propia explotación, durante un período mínimo de 24 meses, salvo causa de forza maior.

Esta esixencia ten o seu fundamento no cumprimento da finalidade última da acción de fomento que da orixe ás subvencións, que non é outra que a promoción e potenciación de



reproductoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, e que quedaría diluída se, unha vez recibida a axuda, o beneficiario puidera dar de baixa na explotación ao animal ou, incluso, a propia explotación.

O carácter modal da medida de fomento administrativo que constitúen as subvencións, esixindo o pleno cumprimento da actividade prevista ou que o beneficiario teña un determinado comportamento, foi declarado de forma constante pola doutrina do Tribunal Supremo. Sirvan de exemplo, entre outras, as SSTS do 13 de xaneiro de 2003, recurso de casación 6885/1998; do 12 de maio de 2004, recurso de casación 4776/2000; e do 17 de outubro de 2005, recurso de casación 158/2000.

E é que a subvención comporta unha atribución de diñeiro ao beneficiario a cambio de adecuar o exercicio da súa actuación aos fins perseguidos coa medida de fomento e que serven de base para o seu outorgamento. A subvención responde, polo tanto, á finalidade de intervir a Administración, a través duns condicionamentos libremente aceptados polo beneficiario, na actuación deste.

En definitiva, as cantidades que se outorgan ao beneficiario están vinculadas ao pleno cumprimento dos requisitos e ao desenvolvemento da actividade prevista ao efecto. Existe, por tanto, un carácter condicional na subvención, no sentido de que o seu outorgamento prodúcese sempre baixo a condición resolutoria de que o beneficiario cumpra unhas esixencias ou teña un determinado comportamento ou realice unha determinada actividade nos concretos termos en que procede a súa concesión.

No caso que nos ocupa, as axudas concedidas teñen un carácter, aparte de modal, obxectivo, pois o suposto de feito que da orixe ao dereito a percibílas consiste, de acordo co establecido na base 4 das reguladoras das subvencións, na inscrición das femias reproductoras da raza bovina pura Rubia Gallega no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza, co compromiso dos titulares das explotacións de manter as reproductoras un mínimo de 24 meses nas explotacións.

Polo tanto, se nun principio a selección dos beneficiarios e a aprobación da concesión das subvencións se realizaron por razón da inscrición das reprodutoras no citado Rexistro, o feito de que, unha vez producida a transmisión das explotacións, os novos titulares comuniquen as mesmas e soliciten que se lles recoñeza como beneficiarios, asumindo o compromiso de mantemento do animal na explotación polo período comprometido, así como o resto de compromisos e obrigas establecidos nas Bases Reguladoras das subvencións e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación, significa, ao meu xuízo, que a Administración, con base nestas incidencias sobrevidas, actúa correctamente autorizando as subrogacións, pois os novos titulares suceden aos anteriores nos dereitos e obrigas inherentes á resolución de concesión, manténdose, polo tanto, a finalidade que a fundamentou: A promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega.

Por outra banda, consonte ao artigo 11.1 da LXS:

Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que haxa de realizala actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Sendo que a base 3 das reguladoras das subvencións establece que “poderán ser beneficiarios desta axudas aqueles titulares de explotación gandeira que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega inscritos no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza...”, o feito de que os novos titulares da explotación, unha vez acreditado que se atopan en situación lexítima para ser beneficiarios das subvencións, asuman o compromiso de subrogarse en tódalas obrigas establecidas nas bases reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación, lexítiman novamente á Deputación de Lugo para autorizalas subrogacións.

E é que non podemos máis que resaltar que os solicitantes acreditaron ante a entidade colaboradora ACRUGA o cumprimento de tódolos requisitos para ostentar a condición de beneficiarios das subvencións, ao que hai que engadir que o feito de autorizalas subrogacións non é obstáculo para que se manteña a finalidade de utilidade pública pola que se concederon aquelas, requisitos estes establecidos nos informes da Avogacía do Estado 5/02, do 20 de novembro de



2002, e 4/03, do 10 de decembro de 2003, ante a falta duns criterios obxectivos para a resolución das solicitudes de subrogación na lexislación de subvencións e na xurisprudencia.

Ademais, as solicitantes das subrogacións achegaron documentos nos que, aparte de comunicar á Deputación de Lugo o feito da transmisión das explotacións, asumen expresamente todos os compromisos e obrigas inherentes á condición de beneficiarias das subvencións; aos que acompañaron dos correspondentes documentos, emitidos pola Delegación Territorial de Lugo da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, que acreditan o cambio de titularidade das explotacións no seu favor, ademais das “Cartas Verdes”, emitidas tamén pola Consellería do Medio Rural, e que acreditan que os animais elixibles permanecen nas explotacións.

No caso da solicitude de D.^a María Luz Penin Rouco, a data na que rematou o compromiso de mantemento dos animais elixibles na explotación foi o 26 de marzo de 2021, o que podería levar á conclusión de que a autorización de subrogación carece de fundamento, pois aquel compromiso xa está cumprido.

Porén, tal e como quedou exposto na consideración anterior, a solicitante acepta non só aquel, senón tamén o resto de compromisos e obrigas establecidos nas Bases Reguladoras da subvención e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.

Por elo, cómpre ter en conta o establecido nos artigos 14.1.f) e 37.1.g) da LXS, e no 35 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG).

Consonte ao primeiro deles “son obrigas do beneficiario (...) dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.”

Pola súa banda, establece o citado artigo 37.1.g) da LXS que “tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o

debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, nos seguintes casos: (...) g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.”

Pois ben, sendo que o prazo para recoñecer ou liquidar o reintegro prescribe aos catro anos, en aplicación do establecido no artigo 35.1 da LSG, ao meu xuízo, procede a estimación da solicitude de subrogación na condición de beneficiaria da subvención presentada por D.^a María Luz Penin Rouco, ao efecto de garantir o cumprimento da obriga de sometemento as actuacións de comprobación e control asumidas polo beneficiario orixinal.

O órgano competente para a para a aprobación do gasto e a concesión das subvencións foi a Xunta de Goberno, consonte ao establecido no artigo 59.18 do vixente Regulamento orgánico desta Deputación (publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020) e na Base 24.4^a das de Execución do Orzamento provincial para o exercicio 2020, polo que corresponde á mesma a resolución das solicitudes de subrogación obxecto deste informe.

Polo exposto, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios, se acorde pola Xunta de Goberno:

A estimación da solicitude presentada por D.^a María Luz Penin Rouco, con DNI nº ***7524**, e a autorización da subrogación na condición de beneficiaria da subvención concedida, por Acordo da Xunta de Goberno do 27 de novembro de 2020, a D. José Francisco Lago Álvarez, con DNI nº: ***2644**, por importe de 761,90 €; quedando aquela sometida ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses, Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, así



como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.

A estimación da solicitude presentada por D.^a María de los Ángeles Cabado Pena, con DNI n^o: ***2732**, e a autorización da subrogación na condición de beneficiaria da subvención concedida, por Acordo da Xunta de Goberno do 27 de novembro de 2020, a D. Jesús González Fernández, con DNI n^o: ***2732**, por importe de 761,90 €; quedando aquela sometida ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses, Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.”

No expediente consta informe da Sección de Fomento favorable á estimación das citadas solicitudes.

Á vista do expediente, a Unidade de Intervención fiscalizou favorablemente a estimación das solicitudes e a autorización das devanditas subrogacións.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1^o.- A estimación da solicitude presentada por D.^a María Luz Penin Rouco, con DNI n^o ***7524**, e a autorización da subrogación na condición de beneficiaria da subvención concedida, por Acordo da Xunta de Goberno do 27 de novembro de 2020, a D. José Francisco Lago Álvarez, con DNI n^o: ***2644**, por importe de 761,90 €; quedando aquela sometida ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses, Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.

2º.- A estimación da solicitude presentada por D.^a María de los Ángeles Cabado Pena, con DNI nº: ***2732**, e a autorización da subrogación na condición de beneficiaria da subvención concedida, por Acordo da Xunta de Goberno do 27 de novembro de 2020, a D. Jesús González Fernández, con DNI nº: ***2732**, por importe de 761,90 €; quedando aquela sometida ao réxime de dereitos e obrigas establecido na Base 7 das reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina Rubia Galega nas explotacións lucenses, Eixo 2: Promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, así como ao resto de compromisos e obrigas establecidos nas ditas Bases Reguladoras e no resto das disposicións normativas que resulten de aplicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS PRAZAS A OFERTAR, CALENDARIO E REQUISITOS DA MATRÍCULA DO CURSO 2021/2022 DOS CICLOS DE GRADO SUPERIOR DE PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS E DE REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS DO CENTRO DE FORMACIÓN DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da interventora xeral

“Logo de ver o informe- propostas do expediente asinado pola Xefa de Servizo de Audiovisuais e do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, emítase o seguinte informe:

A proposta é relativa a prazas a ofertar, calendario e requisitos da matrícula para o curso 2021/2022 dos ciclos de grado superior de produción de audiovisuais e espectáculos e de realización de proxectos audiovisuais e espectáculos. Do estudio do expediente non se aprecia a



existencia de actos que reconozcan obligaciones de contenido económico polo que o expediente non está sometido a fiscalización previa

En canto aos ingresos que puidesen xurdir no futuro, non procede a fiscalización previa de dereitos que é substituída pola toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría segundo a regulación da base 36 de execución do orzamento.

Segundo os antecedentes que obran nesta Intervención o Padroado da extinta Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) aprobou en sesión delebrada o día 19 de novembro de 2012 o importe da matrícula dos ciclos formativos da TIC (publicado no BOP nº 152, de 4 de xullo de 2013) e nos acordos do Pleno da Deputación de Lugo e da Fundación TIC no que se aprobaba a extinción da Fundación establecíase a sucesión universal de todas as obrigas, contratos, bens e dereitos da que se entende Fundación TIC, polo que as tarifas aprobadas son de aplicación, non obstante como xa se recomendou o ano pasado, debería tramitarse expediente de importe de matrícula para a súa aprobación polos órganos competentes da Deputación de Lugo .

Vista a solicitude de aprobación da xefa do servizo.

A extinta Fundación TIC contaba cunha Escola de Imaxe e Son (CPRTIC) na que se impartían os ciclos formativos de grao superior de produción de audiovisuais e espectáculos e de realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través da Orde do 17 de decembro de 2003, publicada no DOGA do venres, 2 de xaneiro de 2004.

A natureza do centro era estritamente privada, aínda que financiada con fondos públicos da Deputación de Lugo.

Coa subrogación da actividade e do persoal da Fundación TIC por parte da Deputación de Lugo, con efectos de 1 de xaneiro de 2019, púxose en funcionamento un novo servizo de Audiovisuais que consolida un servizo de carácter transversal, dependente do Presidente da

Institución Provincial, cuxo obxectivo é servir de ferramenta para a formación, produción e promoción en materia audiovisual.

O procedemento de admisión do alumnado para o curso 2021-2022 é igual ao que se levaba a cabo na extinta Fundación TIC e ao do curso 2020-2021 e tamén é igual ao que propón a Xunta de Galicia para os seus ciclos propios coas seguintes excepcións:

A Consellería de cultura, educación e universidade propón un calendario de admisión no que inclúe períodos ordinarios e extraordinarios así como liberación de prazas no caso que quedara algunha vacante ao finalizar ditos períodos, mentres que o procedemento de admisión na extinta Fundación TIC e na Deputación consta dun prazo de prescrición seguido do correspondente período de matrícula ordinario. Se quedaran prazas vacantes iranse asumindo matriculas ata que se complete o grupo segundo estrita orde de solicitude.

En canto aos requisitos para o acceso ao ciclo, o organismo autonómico dá preferencia aos alumnos que procedan do bacharelato en Ciencias e Tecnoloxía, cando a extinta Fundación TIC e a Deputación abre o acceso en igualdade de condicións para todos os tipos de bacharelato. Tamén se ten en conta que sexa preferente que se trate da primeira matrícula no ciclo formativo para o que se solicita praza, xa que en caso de admitir segundas matriculas e segundo o anuncio publicado no BOP do xoves, 4 de xullo de 2013, por decisión do Padroado, os alumnos deberán aboar unha matrícula de carácter simbólico de 600 €.

Procedemento de admisión do alumnado para o curso 2021-2022.

Prazas ofertadas:

Ciclo Superior de Realización de proxectos de Audiovisuais e Espectáculos: 20.

Ciclo Superior de Produción de Audiovisuais e Espectáculos: 20.

(*O número de prazas ofertadas poderase ver afectado pola evolución do Covid19.

*As clases poderán ser organizadas en quendas de mañá e tarde).

Calendario:

Prazo prescrición: do 23 de xuño ao 2 de xullo.

Publicación listaxe de admitidos, espera e excluídos provisionais: 6 de xullo.

Prazo de reclamacións: 7 ao 9 de xullo.

Publicación listaxe de admitidos, espera e excluídos definitivas: 13 de xullo.

Prazo de matrícula ordinaria: 14 ao 30 de xullo.

Requisitos Admisión do Alumnado 2021-2022.

Para iniciar estudos no Centro de Formación do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo (CPR TIC) será necesario estar en posesión da titulación¹ esixida para o acceso á formación profesional de grao superior.

Os solicitantes² de novo ingreso ao primeiro curso e ao segundo curso, que reúnan os requisitos, presentarán a solicitude de admisión no prazo ordinario.

As solicitudes atenderanse segundo os seguintes criterios:

Estar en posesión do título de Bacharel en calquera modalidade.

Posuír un título de Técnico Especialista ou Técnico Superior.

Ter superado o curso de Orientación Universitaria (COU).

Dispoñer dunha titulación universitaria.

Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior.

Ter superada a proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos.

Sen prexuízo de cumprir os requisitos anteriores, dentro de cada colectivo a orde de prioridade virá determinada por:

Que se trate da primeira matrícula no ciclo para o que se solicita praza.

Maior nota media no expediente académico³.

Sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación.

De persistir o empate, resolverase mediante entrevista.

Do total de postos dispoñibles un 20% ofrecerase a quen teña superada a proba de acceso para ciclos de grao superior para o ciclo que solicita matrícula.

Unha vez finalizado o prazo de prescrición, e no caso de ser maior o número de solicitudes presentadas que o de prazas ofertadas, as solicitudes serán valoradas e farase público o listado de solicitantes admitidos, así como a lista de solicitantes en espera e de solicitantes excluídos que resulte da aplicación dos criterios preferentes fixados para o acceso.

Os solicitantes admitidos deberán formalizar matrícula no prazo establecido, entendéndose que de non facelo renuncian á súa praza, que será adxudicada aos solicitantes en lista de espera.

Unha vez rematado o prazo de matrícula ordinaria, e no caso de existir vacantes, renuncias ou baixas, as prazas resultantes adxudicaranse entre os novos solicitantes por orde de entrada da solicitude.

Para a formalización da matrícula emprégase o impreso oficial da Xunta de Galicia da Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado, publicado no DOGA do 15 de xuño de 2007.

En consecuencia con todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:



Aprobar os prazos, prazas e requisitos para a matrícula nos Ciclos de Grao Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 28 de novembro de 2019, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, ano 2019, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP nº 78, de data 4 de abril de 2019.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

“1.- Na Xunta de Goberno do día 29 de marzo de 2019, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2.- Con data 4 de abril de 2019, a convocatoria publicase no Boletín Oficial da Provincia número 78 pola Base de Datos Nacional de Subvencións, concedendo un prazo de 15 días hábiles

para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria.

3.- Con data 11 de decembro de 2019, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019, así como as solicitudes desestimadas.

4.- Con data 19 de decembro de 2019, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 290, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019.

5.- A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6.- A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación”, prevé: “ Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2020.

(...)

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención –previo trámite do expediente- (...) de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.



Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o correspondente procedemento con audiencia do interesado”.

7.- Con data 14 de marzo de 2020, mediante o Real Decreto 463/2020, o Goberno do Estado, declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, no que se sinala:

“1. Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo.

2. La suspensión de términos y la interrupción de plazos se aplicará a todo el sector público definido en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Común de las Administraciones Públicas”.

Con data 30 de maio de 2020, o BOE fai pública a seguinte disposición: “Instrucción de 28 de mayo de 2020 de la Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe Pública sobre levantamiento de la suspensión de plazos administrativos” onde se sinala:

“Décimo.- Con efectos desde el 1 de junio de 2020, se deroga la disposición adicional tercera del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, relativa a la suspensión de plazos administrativos. Desde esa misma fecha, el cómputo de los plazos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas”.

Con arrego ao exposto o día 14 de marzo de 2020, quedaron en suspenso os prazos para a xustificación das subvencións, restando 18 días para o remate dos prazos establecidos nas bases da convocatoria.

Como queira que o día 1 de xuño de 2020, levántase o a suspensión de prazos administrativos, procede reanudar o cómputo dos prazos, quedando fixado o remate do prazo para a presentación das contas xustificativas para o día 18 de xuño de 2020.

8.- Unha vez rematados os prazos de presentación das contas xustificativas, correspondentes ás entidades culturais relacionadas, revísase a documentación presentada e constátase que presenta deficiencias dacordo as Bases da Convocatoria para a xustificación das subvencións concedidas. Por este motivo a Presidencia desta Deputación, resolveu, con data 09 de marzo de 2021, requirir ás Asociacións Culturais que se relacionan, para que no prazo

improrrogable de 10 días, presenten a documentación requirida, advertíndoselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, previo trámite do expediente.

9.- Con data 11 de marzo de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada.

10.- Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu as asociacións relacionadas, e non sendo atendido o citado requerimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excma Deputación de Lugo, revolveu, con data 19 de abril de 2021, iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, no ano 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno de 11 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

11.- Con data 23 de abril de 2021, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica, que segundo a Resolución da Presidencia citada, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa les foron requiridos no seu momento.

12.- Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de Audiencia, as Asociacións Culturais citadas, non presentaron, neste Organismo, a conta xustificativa requerida no punto 11 das Bases da Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2019.”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordó:



1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións concedidas, ás Asociacións relacionadas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 11 de decembro de 2019, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a actividades de interese cultural realizadas por entidades asociativas, ano 2019, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 290 de 19 de decembro de 2019, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. CULTURAL FARO - MIÑO	MOSTRA TEATRO MARUXA VILLANUEVA	876,00€
SOCIEDAD CULTURAL Y GASTRONÓMICA LUSO GALAICA	PUBLICACIÓN SOBRE OS CRUCEIROS NO ÁMBITO XEOGRÁFICO DO CONCELLO DE CARBALLEDO	876,00€
ASOC. "OS D'EIQUI"	CURSO DE CANTO Y MÚSICA TRADICIONAL	950,00€
CENTRO CULTURAL PENAS DE RODAS DE OUTEIRO DE REI	VIAXE CULTURAL E TALLER DE GAITA GALEGA	1.081,00€
ASOC. DE VECIÑOS AJUILAOUCA	VIAXE CULTURAL	522,00€
AVENTADOS	PRESENTACIÓN LIBROS, OFRENDA FLORAL, LETRAS GALEGAS, FEIRA DO LIBRO, CONCERTO DE SAN ANDRÉS	820,00€
ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE LUGO (AFALU)	TALLERES DE MEMORIA	1.025,00€
ASOC. SOCIO -CULTURAL A POMBA DO ARCO	XORNADAS CULTURAI, TOUPORROUTOU, CURSOS, FESTA PALABRA, VIAXE CULTURAL, A POMBIÑA, PRESENTACIÓN LIBROS E ACTOS ANIVERSARIO	932,00
ASOC. DE VECINOS SAN MIGUEL DE PIEDRAFITA	VIAXE CULTURAL	497,00€
ASOC. DE MULLERES RURAIS AMENCER	VIAJES CULTURAI	1.006,00€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 20 de novembro de 2020, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2020, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.199 do luns 31 de agosto de 2020, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

Categoría	Nome entidade	Nome actividade	Suvención
Actividade competitiva 2020	Agrupación Deportiva Veteranos Sarria	Fútbol	1.085,00 euros
Actividade competitiva 2020	Club Sociedad Deportiva Cultural San Lázaro	Fútbol	2.000,00 euros
Actividade competitiva 2020	Riotorto F.S.	Fútbol	1.664,00 euros
Actividade competitiva 2020	Sociedad Deportivo Cultural Cabreiros	Fútbol	1.952,00 euros
Actividade competitiva 2020	Club Deportivo Alfoz	Fútbol	1.941,00 euros
Organización de eventos	Asoc. Deportiva Landrus Rugby Sarria	Torneo TAG Rugby Veterans Vila de Sarria	630,00 euros
Organización de eventos	Club Tennis Vilalbes	Torneo San Ramón de Tennis Memorial Juan José Pereira Vázquez	911,00 euros

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA AMPLIAR A LISTAXE DE EMPREGO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019);

Visto que está vixente unha listaxe de emprego temporal de Auxiliar Administrativo/a, na que neste momento non existen efectivos que podan incorporarse a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a Entidade amplíe a citada listaxe para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 19.4 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal vixente de Auxiliar Administrativo/a, grupo C – subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03. 2020 (BOP núm. 079, de 6.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161 de 15.07. 2020).

3º.- Aprobar as bases específicas de Auxiliar administrativo/a que complementan as bases xerais, que rexen a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo que se sinalan no parágrafo anterior.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas base xeral 3.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA POR IDADE DUN FUNCIONARIO CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL, SUBESCALA SECRETARÍA- INTERVENCIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Manuel Castiñeira Castiñeira, Secretario-Interventor do Cadro de Persoal Funcionario, solicitou a prolongación no servizo activo en data 6 de febreiro de 2019 , solicitou a prolongación no servizo activo en data 6 de febreiro de 2019, aprobada por Acordo da Xunta de



Gobierno de data 5 de abril de 2019, prorrogada posteriormente, á vista das necesidades do servizo, e coa conformidade do interesado, por Resolución da Presidencia de data 7 de maio de 2020 e por Acordo da Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2020, prorrogándose no derradeiro acordo ata o 30 de xuño de 2021.

Consideracións de dereito

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario pode ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

[...]”.

A Orde de 7 de xaneiro de 2013, pola que se regula o procedemento de autorización da prolongación da permanencia no servizo activo, sinala no seu artigo 6:

“Duración e finalización da prolongación da permanencia no servizo activo.

A prolongación de permanencia no servizo activo concederase por períodos dun ano renovables anualmente á solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data de finalización da prolongación concedida, e como máximo ata que a persoa funcionaria cumpra a idade de setenta anos ou a idade máxima que legalmente se estableza.

Se antes de finalizar a prórroga concedida a persoa interesada non presenta a correspondente solicitude no prazo establecido, declararase de oficio a xubilación forzosa.”

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”

Á vista do sinalado e tendo presente que D. Manuel Castiñeira Castiñeira terá acreditado, á data do 30 de xuño de 2021, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo dentro do prazo expresamente sinalado regulamentariamente, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario D. Manuel Castiñeira Castiñeira, con efectividade do día 30 de xuño de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA POR IDADE DUN LICENCIADO EN CIENCIAS DO TRABALLO DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“Visto que D. Manuel García Mel, Licenciado en Ciencias do Traballo do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de Xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, solicitou a prolongación no servizo activo en data 8 de abril de 2019, aprobada por Acordo da Xunta de Goberno de data 24 de maio de 2019, prorrogada posteriormente, á vista das necesidades do servizo, e coa conformidade do interesado, por Acordos da Xunta de Goberno de data 10 de xullo e 30 de decembro de 2020, prorrogándose no derradeiro Acordo ata o 13 de xullo de 2021.

Tendo en conta o establecido na normativa vixente:

Artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario pode ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

[...]”.

A Orde de 7 de xaneiro de 2013, pola que se regula o procedemento de autorización da prolongación da permanencia no servizo activo, sinala no seu artigo 6:

“Duración e finalización da prolongación da permanencia no servizo activo.

A prolongación de permanencia no servizo activo concederase por períodos dun ano renovables anualmente á solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data de finalización da prolongación concedida, e como máximo ata que a persoa funcionaria cumpra a idade de setenta anos ou a idade máxima que legalmente se estableza.

Se antes de finalizar a prórroga concedida a persoa interesada non presenta a correspondente solicitude no prazo establecido, declararase de oficio a xubilación forzosa”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”.

Á vista do sinalado e tendo presente que D. Manuel García Mel, cumprindo a idade regulamentaria e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo dentro do prazo expresamente sinalado regulamentariamente, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario provincial, D. Manuel García Mel, con efectividade do día 13 de xullo de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 99/2021-F.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso



nº 99/2021-F interposto por Obras Pavimentos e Instalaciones Industriales, S.L. fronte á resolución desta entidade de data 21 de xaneiro de 2021 desestimatoria do recurso de reposición interposto fronte á inadmisión da petición de resolución do contrato da obra “Desdoblamento e Humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo Glorieta Ronda Norte – Glorieta 25 de novembro” instada pola agora demandante, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 122/2021-P.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso nº122/2021-P interposto por Plus Ultra Seguros Generales y Vida, S.A. de Seguros y Reaseguros, S.A. fronte á resolución desta entidade de data 8 de febreiro de 2021 desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos no vehículo matrícula ZA-6865-K por accidente de circulación na estrada LU-P-2101, de Friol a Parga, p.k. 7.5 debido, segundo indica no seu escrito de demanda, á irrupción dun corzo na estrada, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 139/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso nº139/2021-J interposto por D. Manuel Rodríguez Fontal fronte á resolución desta entidade de data 2 de marzo de 2021 no expediente de responsabilidade patrimonial 6/2021, desestimatoria da reclamación formulada polos danos sufridos no vehículo matrícula 4678-HSN debido, segundo indica no seu escrito de demanda, a un accidente de circulación na LU-P-3702 (de Armesto LU-631 a As Nogais N-VI por Tores pola existencia dunha fochanca na calzada, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 143/2021-C.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso nº143/2021-C interposto por Areale Seguros Generales fronte á resolución desta entidade desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos no vehículo matrícula 9407-HKL por accidente de circulación na estrada LU-P-1611, p.k. 63,7 debido, segundo indica no seu escrito de demanda, á irrupción dun xabaril na estrada, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 160/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso nº160/2021-P- interposto por Agrocastro, S.L. fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polos danos ocasionados no vehículo matrícula 8292-GWL debido a un accidente de circulación na estrada LU-P-1102, de Coto a Castro de Riberas de Lea debido ao seguinte: “le sorprende la caída de un árbol sin que pueda evitar chocar con el mismo, ya que ocupa la totalidad de la calzada, por lo que colisiona con él”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



23.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta e cumprimento do decreto 19/2021.

Dase conta do decreto 00019/2021 de 11 de febreiro ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento de Peza de Tasación de Costas 440/2019 0001 do procedemento abreviado 0000440/2019 F seguido a instancia de D. José Luis Carreira Carreira fronte ao decreto da Presidencia desta Deputación relativo al IVTM de los años 2005-2018, e en cuxo fallo di o seguinte: *Aprobar la tasación de costas practicada en este recurso con fecha 29/12/2020 por importe de 363 euros, a cuyo pago ha sido condenada la Excma. Diputación Provincial de Lugo.*

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo da cantidade de 363 euros.

24.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.